



Concello de Vigo

Contratación

Informe-Proposta

A Xunta de Goberno Local celebrada o día 31-05-2013 aprobou o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e as Follas de Especificacións do Contrato para a contratación do proxecto REHABILITACIÓN DO ANTIGUO CHALET MIRAMBELL COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES AO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO VILLA ROMANA DE TORALLA, redactadas e asinadas polo Xefe da oficina administrativa de Contratación o 23/04/2013 e que rexirán no contrato de obras para abri-lo procedemento licitatorio para a selección do contratista por procedemento aberto.

O proceso de licitación abriuse mediante a publicación dos preceptivos anuncios de licitación no Perfil de Contratante o día 04-06-2013, no Diario Oficial de Galicia o día 10-06-2013 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 10-06-2013.

Como en tódolos procedementos de licitación os interesados formulan a maior parte das veces consultas sobre o contido dos pregos ou proxectos que rexen os procedementos de contratación. No caso que nos ocupa hai tres cuestións que polo seu interese entendemos que deberán ser publicadas no perfil do contratista como información adicional para coñecemento xeral:

1ª Respecto do criterio adxudicación nº 3.- **Compromiso de mantemento do inmovible: Ata (VINTECATRO) 24 puntos no prego de cláusulas administrativas particulares ven definido da forma seguinte**

Servizo de mantemento do edificio.

Para a puntuación deste servizo tomarase como referencia a relación de labores de mantemento sinaladas como Anexo I, asinado polos arquitectos municipais.

$$P_m = 24 \times T_{mo} / T_{mmed}$$

P_m : Puntuación servizo de mantemento do edificio

T_{mo} : Tempo de servizo de mantemento do edificio da oferta a puntuar

T_{mmax} : Tempo medio ofertado de servizo de mantemento do edificio

O TEMPO DE SERVIZO DE MANTEMENTO OFERTADO NON PODERÁ SUPERAR O PRAZO DE GARANTÍA



Concello de Vigo

Contratación

Como se pode observar o componente da formula T_{med} figura como nome T_{max} na definición dese concepto sen embargo esta definición si coincide coa descrición do compoñete T_{med} , polo que se entende que no denominador desta formula se valorará o Tempo medio ofertado de servizo de mantemento do edificio.

2ª.- Respecto deste mesmo criterio se nos consulta cal sería a puntuación outorgada para este criterio se por aplicación da formula prevista algunha das propostas obtivese máis puntos dos 24 puntos previstos (esto é posible para todas as ofertas que sexan superiores o tempo medio ofertado do servizo de mantemento), a resposta que damos aos licitadores é que obtería os 24 puntos que como máximo se teñen previsto outorgar para este criterio.

3ª No criterio de adxudicación nº 5 Plan de control de calidade figuran as seguintes formulas :

a) Para licitación con 5 ofertas ou menos admitidas:

$$P_c = 10 \times (C_i / C_M)^{1/n} \cdot C_i$$

b) Para licitación con máis de 5 ofertas admitidas:

$$P_c = 10 \times (C_i / C_M)^{1/2} \cdot C_i$$

A formula para aplicación da puntuación non plantea ningún problema o que si o caracter que $\square$ (cuadrado) corresponde ao símbolo ∇ (para todo). Neste caso o simbolo unicamenete ofrece unha maior concreción para a aplicación da formula pero non modifica o resultado.

A vista das anteriores circunstancias, proponse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Publicar no perfil do contratista as aclaracións contidas na parte expositiva deste informe ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e as Follas de Especificacións do Contrato que rexen po procedemento aberto para a contratación do proxecto de REHABILITACIÓN DO ANTIGUO CHALET MIRAMBELL COMO CENTRO DE RECEPCIÓN DE VISITANTES AO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO VILLA ROMANA DE TORALLA”

Vigo, 20 de xuño de 2013
O secretario da Mesa de Contratación

José Manuel Vieites Alén